

IES PORTA DA AUGA – RIBADEO

Curso 2006-07

DEPARTAMENTO: HISTORIA

PROGRAMACIÓN DE: PRIMEIRO CICLO: HISTORIA	EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	CURSO: 2º Ag. Esp.
--	---	---

Obxectivos xerais:

OBXECTIVOS XERAIS DAS CIENCIAS SOCIAIS NA E.S.O

- Transmitir os elementos básicos da cultura, en canto a Ciencias Sociais se refire.
- Servir ó alumno de ferramenta interpretativa de situacións actuais e vindeiras.
- Coñecer os mecanismos que rexen o medio e as interaccións entre o ser humano e o medio.
- Utilizar os códigos propios desta área, o cal implica a asimilación dun vocabulario mínimo.
- Comprender que vivimos nun MUNDO DIVERSO E DESIGUAL.
- Relativizar a propia cultura e interesarse por outras culturas e xeitos de entender o mundo.
- Tomar conciencia da riqueza que supón esa diversidade, e que a desigualdade débese a unha inxusta distribución de bens.
- Adquirir unha visión global do mundo actual e os seus problemas, superando enfoques eurocéntricos, e comprendendo as situacións de interdependencia.
- Soldar desde unha dimensión causal histórica o pasado co presente
- Manifestar sensibilidade e responsabilidade fronte ós problemas sociais, os dereitos humanos e a paz.
- Desenvolver actitudes democráticas e tolerantes.
- Adquirir independencia de criterio e xuízo crítico.
- Valorar e respectar o patrimonio natural, cultural, lingüístico, artístico, histórico e social, apreciándoo como fonte de gozo e como recurso para o desenvolvemento persoal.
- Obter e relacionar información verbal, icónica, estatística e cartográfica.... a partir de distintas fontes, e en especial doas actuais medios de comunicación.
- Realizar tarefas en grupo e participar constructivamente e de forma tolerante.
- Manexar os instrumentos conceptuais, técnicos e procedementais básicos, propios da disciplina de Ciencias sociais.

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Contidos: XEOGRAFÍA DA POBOACIÓN: - Evolución e distribución da poboación mundial - Estructura da poboación A ACTIVIDADE ECONÓMICA DAS SOCIEDADES - A actividade económica - Os espazos económicos A ORGANIZACIÓN DAS SOCIEDADES: - Estructura e dinámica social - Diversidade das sociedades ORGANIZACIÓN POLÍTICA DAS SOCIEDADES - A organización política - Rexímenes políticos e formas de goberno	Procedementos: - manexo de Atlas, anuarios etc. - Lectura e interpretación de distintos tipos de representación cartográfica - Obtención de información xeográfica a partir de distintos documentos visuais ouu escritos - Lectura e interpretación de gráficos, estatísticas, pirámides de poboación etc -	Actitudes: . – Actitude favorable á obtención de datos con rigor crítico - Actitude positiva cara as proxeccións cartográficas - Valoración positiva cara o caderno de aula e a presentación das actividades - Toma de conciencia dos grandes problemas ós que se presenta a vida humana - Toma de conciencia dos problemas derivados dos desequilibrios demográficos e das grandes desigualdades económicas - Solidaridade e comprensión cara ós inmigrantes.
--	--	--

SEGUNDA AVALAICIÓN

Contidos: ORGANIZACIÓN POLÍTICA DAS SOCIEDADES - O mapa político: España, Europa e o mundo A SOCIEDADE GALEGA - Poboación e economía en Galicia - Sociedade, cultura e institucións en Galicia A RUPTURA DA UNIDADE MEDITERRÁNEA - As invasións xermánicas e o Imperio de Carlomagno - O Imperio Bizantino - O Islam A EUROPA FEUDAL - A sociedade feudal europea - A vida cotiá na idade media .	Procedementos: - Elaboración de mapas físicos e políticos - Comparación entre formas de goberno distintas . Investigacións sobre a vida cotiá das persoas . elaboración de liñas do tempo: a era musulmana e a era cristiá. . Análise de fotografías. . Análise de edificios islámicos. . Análise da supervivencia de útiles, costumes, etc, de tempos pasados. .. Construción dun mapa histórico: o imperio carolinxio; a formación dos reinos europeos.	Actitudes: . Educación para a saúde: alimentos traídos polos musulmáns; os avances médicos musulmáns. . Educación para a convivencia: a tolerancia do Islam cara outras relixións. . Educación non sexista: a muller no Islam. . Educación para Europa: o legado musulmán na civilización occidental. . Educación para Europa: o legado medieval na Europa occidental. . Educación para a convivencia: os servos.
--	--	---

TERCEIRA AVALIACIÓN

Contidos: A EUROPA FEUDAL - Expansión, cambios e crises na Idade Media - A cultura e a arte na Europa medieval ESPAÑA MEDIEVAL - Al-Andalus - Os reinos cristiáns - Organización política dos Estados cristiáns - A cultura e a arte na España cristiá - Galicia na Idade Media	Observación en mapas da fragmentación política de Europa - Análise de textos varios - Descrición de imaxes que ilustren sobre a vida cotiá - Visualización da arte románica - Monográfico: o Mosteiro medieval - - estudio das rutas comerciais - Visualización da arte Gótica - Visitas a algún monumento galego medieval	- respecto e comprensión pola cultura musulmana - achegamento ó feito relixioso tendo as distintas ordes monásticas como fio argumental - Comprensión de que un país é resultado dunha evolución territorial e política e non algo inamovible
--	--	---

AVALIACIÓN (CRITERIOS, PROCEDIMENTOS, SISTEMA DE CALIFICACIÓN)

Non só avaliaremos o que os alumnos saben, senón tamén o que son capaces de facer, é dicir, as destrezas que poden desenvolver e o grao de consecución dos obxectivos iniciais da programación. Todo esto estará en función das actividades realizadas na clase e destinadas a estimular o desenvolvemento da súa capacidade de aprendizaxe e de conceptualización. Nunha palabra, a avaliación debe ser un **PROCESO, UNHA SUMA DE PROGRESOS**.

¿QUÉ VALORAR?

PARTICIPACIÓN NA AULA:

- ¿ Fai preguntas coherentes?
- . ¿ Ten iniciativa? ¿ é participativo?
- . Ideas ordenadas
- . Facilitade na interpretación de datos
- . Aplicación do aprendido a novas situacións
- . Expresión oral

TRABALLO:

- . En grupo
- . Individual: Estudio día a día.
- . Calificacións preguntas de clase.
- . Investigación
- . Exposicións orais
- . Debuxos ou ilustracións dos conceptos
- . Debates etc.
- . Expresión e ortografía en caso de ser traballo escrito

CADERNO DE AULA :

- . ¿ está ó día? ¿ordenado?
- . ¿ Chega a conclusións propias?
- . ¿ Ampla información?
- . ¿ Fai esquemas, gráficos etc?
- . Expresión e ortografía

PROBA / EXAME :

- . Contidos conceptuais adquiridos
- . Capacidade de razoamento e argumentación
- . Aplicación do aprendido ó comentario de textos, estatísticas e
- . Dominio dos procedementos traballados en clase: mapas, etc.
- . Orde e coherencia
- . Expresión e ortografía

VALORACIÓN DAS ACTITUDES:

O profesor debe ter en conta as actitudes do alumno e avaliar, por suposto negativamente, cando este mostre opinións ou feitos contrarios ós valores que trata de fomentar esta disciplina: respecto, tolerancia, convivencia, diálogo, paz

AVALIACIÓN: Valoración conxunta dos apartados anteriores.

OBXECTIVOS MÍNIMOS PARA ACADAR AVALIACIÓN POSITIVA

- OBXECTIVOS MÍNIMOS PARA O GRUPO ESPECÍFICO

Este grupo ten a mesma programación que o grupo normal, soamente o ritmo pode ser máis lento, dependendo das circunstancias, polo que é posible que non abarquen todo o programa.

Os obxectivos mínimos e prioritarios para este tipo de grupos serán os que faciliten a aprendizaxe, a comprensión ,e a boa sintaxe. Quedan concretados nos seguintes aspectos:

- . Subraiado, resume e síntese dun texto

- . Lectura comprensiva
- . redacción das ideas principais
- . exposición tanto oral como escrita cunha boa sintaxe e coherencia nas ideas
 - Aprendizaxe dos conceptos elementais da Demografía
 - Comprensión mínima dos distintos sistemas políticos
 - Coñecemento do mapa de Galicia, España e Europa
- . localización cronolóxica das diferentes etapas históricas
- . progreso evolutivo dende o inicio ata o final de curso
- . interese por parte do alumno en reintegrarse no curso normal (na medida das súas capacidades)

OBXECTIVOS MÍNIMOS PARA O CURSO

- Coñecer o estado actual da poboación mundial
- Utilizar os modelos demográficos
- Coñecer os distintos rexímenes políticos
- Saber o mapa político e físico de España e Europa. E coñecer minimamente o resto dos mapas
- Identificar as principais actividades económicas de España e de Galicia
- Saber as principais organizacións políticas internacionais e supranacionais: ONU, OTAN etc
- Caracterizar a cultura islámica e a súa expansión xeográfica
- Identificar a sociedade feudal nos seus diversos aspectos: vida cotiá, economía, política
- Diferenciar a Arte Románica e a Gótica cos seus principais elementos constitutivos
- Recoñecer a fragmentación política dos mapas medievais, sobre todo no caso español e coñecer os diferentes reinos hispánicos
- Coñecer as peculiaridades do reino de Galicia na época medieval

SISTEMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

Haberá dúas convocatorias:

1. 16 de Febreiro
2. 11 de Maio para os alumnos que no superen a primeira

Os contidos serán resumidos polo profesor correspondente nunha guía que lle será entregada ó alumno para que prepare a materia.

En Setembro haberá unha nova convocatoria cos mesmos requisitos cas dúas anteriores

SISTEMA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIO PARA ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA A CLASE

- . **Cando un alumno falte reiteradamente a clase dun xeito non xustificando, terá que presentarse a unha única proba a final de curso.**
- . **A proba poderá ser oral ou escrita, a determinar polo Seminario, segundo as circunstancias.**
- . **A materia de exame será toda a dada polo curso ó cal pertenza o citado alumno**
- . **Debe facer ademais tódolos traballos feitos polo resto dos alumnos ó longo do curso**
- . **En caso de faltas xustificadas (accidente, enfermidade) o profesor decidirá según o caso concreto**
- . **O alumno debe ser avisado como mínimo 15 días antes da celebración da proba, especificándolle día e hora.**

HOMOXENEIZACIÓN DE CRITERIOS

- Coñecer os contidos propios da materia
- Exposición clara e coherente tanto oral como escrita
- Corrección ortográfica e uso dos signos de puntuación
- Na elaboración de traballos, valórase: a capacidade de síntese e as aportacións persoais
- Na exposición oral de traballos, valórase: o vocabulario propio e a claridade expositiva; a comprensión do contido
- No que respecta á libreta de clase, exames escritos e traballos en xeral, terase en conta a limpeza e a presentación
- A presentación de traballos dentro das datas preestablecidas cumprirase rigurosamente: No caso de demora será necesaria unha xustificación, dándose o prazo dun día máis. En caso de que o retraso persista non se admitirá o traballo dese alumno

- A avaliación será continua, non haberá recuperacións, e teráse en conta a progresión e a actitude do alumno ó longo do curso. Poderase contemplar algún tipo de recuperación (ocasionalmente) nalgún aspecto que se considere básico para a formación dun alumno, por exemplo a ubicación en mapas tanto físicos como políticos.